

Bases que rexen a selección para 2023-2024 dos integrantes da Banda Sinfónica Galega

1. Obxecto da convocatoria

É obxecto da presente convocatoria a selección dos integrantes que formarán parte da Banda Sinfónica Galega (BSG). A comisión seleccionadora elaborará unha relación de músicos en reserva o máis ampla posible.

2. Quen pode presentarse

Para tomar parte, será necesario estar rexistrado como integrante dalgunha das bandas asociadas da FGBMP. Os proxectos artísticos vanse enfocar, se é posible polo nivel da participación, de cara a un nivel profesional (estudantes de grao superior ou titulados), aínda que se admiten inscricións dende **4º Grao Profesional ou nivel interpretativo equiparable**.

3. Inscrición

A inscrición estará aberta ata **10 de agosto de 2023** (incluído) e realizarase mediante o seguinte [formulario](#)¹. De querer anotarse en varios instrumentos, deberá enviarse un vídeo con cada un deles.

O vídeo conterá dous extractos diferentes (pode ser repertorio orquestral-bandístico ou obra para instrumento solista). Deben ser dúas pasaxes contrastantes onde se poidan demostrar as habilidades técnicas, habilidades de musicalidade e a calidade do son. No caso da percusión, unha pasaxe debe ser con láminas e outra con parches (timbais, caixa, multipercusión, etc).

A duración máxima do vídeo será de 5 minutos e poderá gravarse todo continuado ou dividido nos dous fragmentos anteriormente mencionados. Non se admitirán interpretacións con acompañamento de piano nin doutros instrumentos.

A Federación informará de calquera tipo de incidencia no proceso de inscrición. Se houber, habilitará un prazo de 2 días hábiles para a corrección de erros, tras os que a Federación procurará dar resposta nun prazo inferior a 3 días hábiles.

¹ Formulario de inscrición: <https://forms.gle/zk9unCzHNXak3Ngt9>

4. Valoración

A Federación delega a potestade avaliativa para o proceso de selección a unha comisión de expertos, creada expresamente para tal fin, que valorará a todos os músicos participantes neste proceso.

5. Publicación das listas

A Comisión Delegada da Avaliación emitirá un informe das valoracións realizadas. A FGBMP publicará nunha listaxe onde só constarán os documentos de identidade (en formato reducido) e a cualificación obtida.

6. Relación coa BSG

A validez desta convocatoria terá unha vixencia de 2 anos prorrogables. A título informativo, os proxectos que se procurarán desenvolver neste período son:

- I Encontro sinfónico (semana do 28 agosto ao 3 de setembro de 2023)
- II Encontro sinfónico en Nadal 2023/24
- III Encontro sinfónico no verán de 2024 (xira fóra da comunidade)
- Encontros de cámara
- Convenio de prácticas con agrupacións profesionais

7. Orde de chamada

Nas actuacións e actividades que realice a BSG, os músicos serán chamados gardando rigorosamente a orde da lista seguindo as puntuacións obtidas. No suposto de que algún compoñente non poida acudir aos ensaios e concertos, chamarase ao seguinte da mesma. A xerencia artística terá a posibilidade de chamar aos reforzos que considere estritamente necesarios, previa autorización da Xunta Directiva.

8. Músicos seleccionados

Aos músicos seleccionados aplicaráselle o regulamento interno. Adquiren o compromiso de estudar as partituras que lles sexan entregadas así como de asistir aos ensaios e actuacións e acatarán as decisións da dirección e organización artística.

9. Relación coa FGBMP

Cada músico participante asume a pertenza a un proxecto sen ánimo de lucro cuxos obxectivos principais abranguen a consecución da posta en valor das bandas de música populares galegas a través dunha banda de bandas na que todas elas poderán ser representadas polos músicos galegos de máis elevado nivel interpretativo.

Para a participación en cada un dos encontros ou proxectos artísticos, será **necesaria unha asistencia do 100%**, comprometéndose a asistir a todos os **ensaio e concertos** de cada encontro no que cada músico acepta o compromiso de participar.

A participación non leva aparellada compensación económica. En función dos apoios económicos que reciba cada proxecto, os integrantes poderán ter que facerse cargo dos gastos de desprazamento, aloxamento ou manutención.

Todos os participantes poderán solicitar, se o precisaren, certificacións de colaboración nos proxectos desenvolvidos.

10. Renovación das listas

Salvo impedimento de forza maior, realizarase unha actualización das listas cada dous anos. Se nese período o número de reservas non fose o necesario, abriríase unha nova convocatoria de selección.

11. Aceptación das bases

A Xunta Directiva da FGBMP resolverá calquera incidencia relativa a esta convocatoria.

O único método de envío e recepción de información ou documentación será o enderezo electrónico **sinfonica@bandas.gal**. A organización non sei fai responsable de correos enviados a outros enderezos.

A organización resérvase o dereito a modificar as bases ou adoptar as decisións sobre aspectos non regulamentados nas mesmas, por razóns de forza maior ou de interese público que impliquen un maior éxito da actividade.